

PR-G 96 Costa Doce

Ruta homologada en Xuño de 2007

Ruta que percorre parte da Costa de Sada mostrando os maravillosos paisaxes típicos desta zona de ría e que permitirá coñecer máis a fondo esta fermosa terra.

O seu carácter lineal permite que se poida percorrer en ámbolos dous sentidos, comezando dende o Cruceiro de Carnoedo ou ben dende a Praia do Cirro.



Os camiños e corredoiras polas que discorre este roteiro están moi preto da costa, o que ofrece unha fermosa panorámica da ría, ademais, o longo do percorrido atrávesanse bosques de castiñeiros, carballos e bosques mixtos onde o eucalipto alcanza máis presenza o que nos mostra a influencia humana no ecosistema.

O roteiro presenta unha variante que nos leva a Punta de San Mamede, lugar idóneo para facer un breve descanso contemplando a vista panorámica que ofrece a ría e os aniñamentos de aves mariñas.

As praias de San Pedro e do Cirro serán outros dos puntos polos que



discorre esta ruta. Dende as que se poderá observar a ensenada que forman e na que abundan as bateas e outras instalacións adicadas a acuicultura.



Dende a Praia do Cirro poderase enlazar co roteiro da Costa Norte de Oleiros, que se atopa a escasa distancia, a través dun pequeno tramo sinalizado.

O sendeirismo é un deporte apto para todo tipo de persoas. Terra da Mariñas ofrece un conxunto de rutas coñecidas xenericamente como Roteiros Mariñáns cos que coñecer esta fermosa comarca, tan próxima á Coruña e, ao mesmo tempo, tan descoñecida.

Como chegar



Marcas e sinais que te guiarán no percorrido da Ruta

- Sinal de continuidade, que indica o camiño correcto.
 - Sinal de camiño errado, que indica o camiño que non se debe coller.
 - Sinal de cambio de sentido, que indica un xiro á dereita ou á esquerda, no sentido da marcha.
 - Sinal de derivación, que indica un camiño de ida e volta dende a ruta.
- Proximidade a localizacións de interese.



Conserva o teu entorno, non botes lixo no roteiro.



www.ayuntamientodesada.com

www.sada.es

turismo@ayuntamientodesada.com

PR-G[®]

96

GALICIA

Sada - A Coruña

Costa Doce

Sendeiros sinalizados



Mapa do PR-G 96



Lenda

- Panel Informativo
- Roteiro Costa Doce
- Enlace co roteiro Costa Norte de Oleiros
- Roteiro Costa Norte
- Estrada
- Cruceiro
- Pobo
- Igrexa
- Mirador
- Vistas panorámicas
- Oficina de Turismo

Teléfonos de interese

Concello: 981 620 075
 Oficina de Turismo: 608 073 425
 Garda Civil: 981 620 766
 Protección Civil: 981 622 728
 Centro de Saúde: 981 621 792
 Policía Local: 981 622 484
 Emerxencias: 112
 Terra das Mariñas: 981 669 532
 Servicio de Táxis: 981 620 710

Características técnicas

- Dificultade: Baixa
- Duración: 3 horas
- Percorrido: 7 km
- Desnivel: 114 m
- Accesos: Carnoedo e Praia do Cirro
- Accesos en bicicleta: Apto totalmente
- Accesos a cabalo: Apto totalmente

Perfil do roteiro:



Perfil da derivación:

